



Concello do Porriño

EXPEDIENTE Nº 471/2026

BASES DOS DESFILES DE COMPARSAS CON PREMIOS Á PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO 2026

A Concellería de Festas e Eventos do Concello do Porriño convoca os tradicionais desfiles de comparsas, dentro do programa de actividades do Entroido 2026.

As presentes bases rexerán a concesión de premios ás comparsas pola súa participación nos desfiles programados polo Concello do Porriño.

REQUISITOS XERAIS:

Nestes desfiles poderán inscribirse todas aquelas comparsas constituídas legalmente como asociacións, ANPA ou clubs sen ánimo de lucro.

a) Participantes

Poderán optar aos premios establecidos nas presentes bases todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 20 compoñentes e poderán inscribirse en dúas modalidades:

- Infantil: ata 12 anos.
- Adultos/as: de 13 anos en diante.

O maior número de compoñentes por idades definirá a clasificación da comparsa na categoría infantil ou adultos/as.

b) Inscripcións e prazo

As inscricións poderán presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello do Porriño mediante o impreso normalizado para esta finalidade (ANEXO I), e achegar a seguinte documentación de carácter obrigatorio:

- Copia do CIF da Asociación.
- (ANEXO II) Declaración responsable asinada polo/a presidente/a da Asociación de non ter débedas tributarias nin fronte á Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Certificado orixinal da conta bancaria da Asociación.
- Documentación dos vehículos para a participación nos desfiles:
 - Permiso de condución
 - Permiso de circulación
 - Ficha técnica de ITV vixente
 - Recibo do seguro vixente

CONTINXENCIAS:

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Aquelas comparsas que teñan dificultade coa presentación da tarxeta CIF ou documento de exención do IVE terán que presentar o documento onde se reflicta que esas solicitudes están en trámite, e que se achegarán unha vez as teñan no seu poder.

O **prazo de inscrición** será dende o día seguinte da publicación das bases no taboleiro de anuncios municipal ata o 3 de febreiro de 2026, ambos os días incluídos. Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas, calquera que sexa a causa.

Coa inscrición neste concurso, a persoa representante da asociación participante autoriza ao Concello do Porriño a realizar as consultas necesarias nas bases de datos da Axencia Tributaria Estatal, da Seguridade Social e do ORAL, co fin de comprobar que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

No momento da inscrición, as comparsas autorizan ao Concello do Porriño a fotografar ou gravar as formacións, así como facer uso das imaxes con fins promocionais e documentais do evento.

c) Importe dos premios

A cantidade máxima destinada aos premios de participación no Entroido establécese en **29.500,00 euros**, con cargo ao vixente orzamento municipal.

O importe dos premios determinarase segundo o número de compoñentes da comparsa:

COMPARSAS DE ADULTOS/AS E TAMÉN COMPARSAS INFANTÍS

- de 20 a 39 compoñentes 605,00 €
- de 40 a 55 compoñentes 970,00 €
- de 56 a 85 compoñentes 1.210,00 €
- de 85 a 109 compoñentes 1.450,00 €
- de 110 compoñentes en adiante 1.600,00 €

Estes premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar, de acordo coa lexislación vixente.

O importe máximo establecido de **29.500,00 €** repartirase ata acadar esta cifra e seguindo rigorosamente a orde de inscrición. Tendo preferencia para a opción aos premios de participación as comparsas ou grupos do Concello do Porriño. Aquelas comparsas que desexen participar no Entroido fóra deste orzamento poderán inscribirse pero sen opción ao premio por participación.

d) Orde de participación e obrigas das comparsas

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579





Nos desfiles participarán en primeiro lugar as comparsas inscritas na categoría infantil seguidas das comparsas de adultos/as.

Cada comparsa deberá levar un cartel visible na súa parte frontal que indicará o seu nome e o número de compoñentes.

As comparsas que aspiren ao premio de participación teñen a obriga de estar inscritas e participar nos desfiles do sábado e do martes do Entroido; e no acompañamento do Enterro da Sardiña, o mércores de cinza.

Aquelas comparsas que queiran participar fóra de prazo non terán dereito ao premio.

As persoas participantes comprométense a respectar e cumprir con todas as medidas de seguridade para favorecer o desenvolvemento do desfile.

Está totalmente prohibido o uso de animais, sprays ou petardos.

e) Percorrido nos desfiles

Os desfiles terán lugar nas datas e horarios sinalados no programa de festas do Entroido:

- Sábado 14 de febreiro: partirá da rúa Antonio Palacios (Instituto Pino Manso) e desprazarase por Domingo Bueno, praza de San Sebastián, rúas peonís, praza A. Antonio Palacios e rematará na rotonda do Central.
- Martes 17 de febreiro: partirá da praza de San Sebastián, rúas peonís, praza A. Antonio Palacios e rematará na rotonda do Central.
- Enterro da Sardiña, o mércores 18 de febreiro: as comparsas participarán no acompañamento da sardiña co seguinte percorrido: saída dende o Círculo Recreativo Cultural, rúa Domingo Bueno, baixarán pola fonte de San Sebastián e seguirán por Manuel Rodríguez ata a praza A. Antonio Palacios, onde se procederá á lectura do testamento. Deseguido, desfilará pola rúa Peña e rematará preto do albergue de peregrinos (Paseo do Louro). Ao Enterro da Sardiña deberá acudir, polo menos, un 20% do número de participantes de cada comparsa, pero nunca inferior a 10 participantes.

O velorio terá lugar no CRC no horario estipulado no programa.

Para a elaboración do testamento da sardiña, cada comparsa redactará entre 10 e 15 liñas do que será a súa proposta de testamento; tamén poderá participar a veciñanza que así o desexe.





Concello do Porriño

O testamento deberá presentarse no Centro Cultural Municipal (1º andar) nun sobre pechado e dirixido á Concellería de Festas, ata o 6 de febreiro de 2026, en horario de 9 a 14 h. Unha vez cerrado o prazo o comité de observación elaborará o documento final.

O Concello do Porriño resérvase o dereito de cancelar ou modificar as datas, horarios ou percorrido do desfile sen que isto leve consigo ningún tipo de compensación económica para os/as participantes.

f) Comité de observación e valoración de premios

Haberá un comité de observación que será nomeado mediante resolución da Alcaldía e terá competencias para: a valoración das inscricións realizadas polas asociacións, o cumprimento da documentación esixida segundo as presentes bases, o desenvolvemento dos desfiles, as descualificacións e a asignación dos premios segundo o número de compoñentes, emitindo unha proposta de concesión de premios que será resolta por resolución de Alcaldía.

Este comité de observación estará formado por un número impar de membros e será nomeado por decreto de Alcaldía.

O concelleiro de Festas e mais o xurado do concurso quedan facultados para resolver as posibles eventualidades e dúbidas que puidesen xurdir, non previstas nestas bases.

g) Publicidade

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios municipal, na web ecultura.net e noutros medios de difusión que a Concellería de Festas dispoña para xeral coñecemento.

h) Aceptación das bases

A participación neste concurso supón a plena aceptación do disposto nas presentes bases e o incumprimento de calquera das cláusulas dará lugar á perda do dereito de optar aos premios de participación.

Documento asinado electrónicamente.

**ANEXO I. DESFILES DE COMPARSAS CON PREMIOS Á PARTICIPACIÓN
NO ENTROIDO 2026**

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Nome da comparsa:

Categoría na que participa (sinalar cun X):

- ☐ Adultos
☐ Infantil

Número de compoñentes:

Tipo de vehículo (tráiler, turismo...):

Metros:

Presenza da Policía Local (sinalar cun X):

- ☐ Si
☐ Non

Nome da asociación:

CIF:

Nome da persoa responsable:

Teléfono:

Correo electrónico:

- ☐ Autorizo ao Concello do Porriño a fotografar ou gravar as formacións, así como facer uso das imaxes con fins promocionais e documentais do evento.
- ☐ Declaro coñecer as bases que rexen os Desfiles de Entroido 2026 e cumprilas.

Sinatura:

Esta solicitude só será válida se vén acompañada da seguinte documentación:

- Copia do CIF da asociación.
- ANEXO II. Declaración responsable asinada polo/a presidente/a da asociación de non ter débedas tributarias nin fronte á Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Certificado orixinal da conta bancaria da asociación.
- Documentación xeral dos vehículos para a participación nos desfiles.

O Responsable do Tratamento dos datos persoais contidos no documento é Concello do Porriño, cuxa finalidade é a de formalizar a inscrición nos desfiles de comparsas e a súa base de lexitimación é a execución dun contrato no que o interesado é parte, concretamente respecto das bases dos desfiles que acepta coa súa firma. Dereitos: pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou limitación en dpd@oporrino.org. Para máis información, consulte nosa Política de Privacidade en <https://oporrino.org/informacion-sobre-proteccion-de-datos>.

ANEXO II. DESFILES DE COMPARSAS CON PREMIOS Á PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO 2026

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.ª

.....
..., con DNI nº, en nome propio ou na representación de
....., en calidade de
....., para participar nos desfiles de comparsas con
premios á participación no Entroido 2026 organizada polo Concello do
Porriño.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE NON:

1.- Estar condenado mediante sentenza firme á pena de perda da
posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2.- Ter solicitado a declaración de concurso, ser declarado insolvente en
calquera procedemento, atoparse en declaración de concurso, estar
suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado segundo á Lei
Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na
sentenza de calificación do concurso.

3.- Dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución
firme de calquera contrato celebrado ca Administración.

4.- Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades
mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras
persoas xurídicas, en algún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio,
de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas,
ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica
5/1985, de 19 de xuño do Réximen Electoral Xeral, nos termos
establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas
materias.

5.- Non atoparse ó corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou
fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na
forma que se determine regulamentariamente.

6.- Ter residencia fiscal no país ou territorio calificado
reglamentariamente como paraíso fiscal.

7.- Non atoparse ó corrente do pago de obrigas por reintegro de
subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

8.- Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade
de obter subvencións según a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións ou a Lei
Xeral Tributaria.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de
documentos administrativos asino a presente declaración,

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: GTQWFHMRQHYXLTSSGR4SLZCQA
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7





Concello do Porriño

_____, ____ de _____ de 2026

Asinado o declarante.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: GTQWFHMRQHYYLTSSGR4SLZCQA
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestona esPublico | Páxina 7 a 7

